

BOLETÍN TEMA 8 – APARATO REPRODUTOR

1. Que problemas podería causar unha lesión nas células de Leydig? E nas de Sertoli? Estas lesións poderían afectar á fertilidade?
2. Enumera catro diferenzas entre a espermatoxénese e a ovoxénese.
3. Unha persoa ten unha enfermidade que dana as mitocondrias dos espermatozoides? Que consecuencias tería isto para a fertilidade? E se tivera problemas no acrosoma?
4. Que ocorrería no cigoto se o ovocito secundario non completase a segunda división meiótica, transformándose en óvulo, despois de ser fecundado?
5. Por que os pulmóns son os últimos órganos en madurar antes do parto?
6. Por que os antibióticos serven contra a gonorrea pero non contra o herpes xenital?
7. Un tratamento con antibióticos pode favorecer unha candidiase vulvovaxinal. Explica por que.
8. Que pasaría se o corpo lúteo dexenerase inmediatamente despois da ovulación? Podería haber embarazo?
9. Os días que están rodeados neste calendario representan os días que unha persoa menstruou. Obsérvao atentamente e contesta as seguintes cuestións.

- a) Cal é a duración do ciclo que comeza en abril?
- b) Cal é o día de ovulación dese ciclo?
- c) E o período fértil?
- d) Dentro dese ciclo, cales son os días nos que o óvulo se está desenvolvendo no ovario, madurando e saíndo del?
- e) Cales son os días nos que o óvulo está desprazándose polas trompas ata o útero?

Abril 2026

Sem.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
14			1	2	3	4	5
15	6	7	8	9	10	11	12
16	13	14	15	16	17	18	19
17	20	21	22	23	24	25	26
18	27	28	29	30			

Maio 2026

Sem.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
18					1	2	3
19	4	5	6	7	8	9	10
20	11	12	13	14	15	16	17
21	18	19	20	21	22	23	24
22	25	26	27	28	29	30	31